



Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto dos resultados da investigación

GUÍA DIDÁCTICA

Plano de Formación en
Competencias Dixitais da
Biblioteca Universitaria

Curso semipresencial para PDI e alumnado
de doutoramento da Universidade da Coruña
Abril 2026

DESTINATARIOS

Persoal docente e investigador e alumnado de doutoramento da Universidade da Coruña.

MODALIDADE SEMIPRESENCIAL DE 12 HORAS

- 8 horas teóricas en liña a través do Campus Virtual.
- 4 horas prácticas en obradoiros presenciais nas bibliotecas dos centros ou telemáticos a través de Teams.

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

- Motivar ao PDI e ao alumnado de doutoramento da UDC a ter unha presenza profesional activa na rede que reflecta de forma precisa as súas actividades e investigacións.
- Promover o uso de boas prácticas á hora de crear unha identidade inequívoca como autores e investigadores.
- Informar ao persoal investigador dos recursos específicos para a creación de perfís identificativos que faciliten a súa visibilidade nas bases de datos e na rede.
- Facilitar ao persoal investigador estratexias para a visibilidade das súas publicacións científicas.
- Traballar de forma práctica na creación de perfís e estratexias de visibilidade nos obradoiros.

CRONOGRAMA

- Parte teórica: do 7 de abril ao 6 de maio de 2026.
- Parte práctica: do 7 de maio ao 5 de xuño de 2026 (acordarase a data coa biblioteca de cada centro).

AVALIACIÓN

Para superar o curso e obter a certificación correspondente requirirase:

- Parte teórica: resolución dun cuestionario de autoavaliación ao final de cada tema.
- Parte práctica: asistencia.

CONTIDOS FORMATIVOS

Módulo 1. A identificación de autor: nome e filiación.

OBXECTIVO XERAL

Conseguir que PDI e estudantes de doutoramento da UDC sexan conscientes da importancia de que se identifiquen mediante unha sinatura normalizada nas súas publicación e facilitarlles unhas sinxelas directrices para indicar de forma estandarizada a súa filiación institucional.

CONTIDOS

- **Tema 1.** A identificación do autor: normalización da sinatura e filiación institucional.
- **Tema 2.** O perfil bibliográfico dixital.

OBRADOIROS

Traballar exemplos prácticos de unificación da sinatura, de transcripción normalizada da filiación institucional e practicar a identificación persoal con ORCID, WoS, Scopus e Google Scholar.

Módulo 2. A publicación científica.

OBXECTIVO XERAL

Axudar ao persoal investigador a desenvolver unha estratexia para elixir onde publicar coa finalidade de obter maior visibilidade para as súas publicacións e para que sexan valoradas nos procesos de acreditación e avaliación.

CONTIDOS

- **Tema 1.** Recomendacións para publicar.
- **Tema 2.** A relación autor–editor. Os dereitos de autor.

OBRADOIROS

Traballar posibles estratexias de publicación.

Módulo 3. Ciencia aberta: publicacións, datos e repositorios.

OBXECTIVOS XERAIS

Introducir ao persoal investigador no concepto de ciencia aberta e amosarlles as vantaxes de facilitar o acceso aos resultados da súa investigación.

Dar a coñecer as bondades dos repositorios e, moi especialmente, do RUC, o espazo para depositar en aberto os resultados de investigación da UDC.

CONTIDOS

- **Tema 1.** Publicacións e ciencia aberta.
- **Tema 2.** Repositorios e RUC.

OBRADOIROS

Revisar as publicacións das persoas participantes para ver as condicións en que se poderían incorporar a un repositorio e realizar o arquivo no RUC cando sexa posible.

Módulo 4. Plataformas sociais e redes científicas.

OBXECTIVO XERAL

Dar a coñecer aquelas plataformas sociais e redes científicas que permitan mellorar a visibilidade e o impacto das publicacións.

CONTIDOS

- **Tema 1.** Redes académicas e publicacións científicas.
- **Tema 2.** ResearchGate e Academia.edu.

OBRADOIROS

Considerar a inscrición nalgunha das redes científicas.